


MAIA

Marine protected areas
in the Atlantic arc



MAIA: un proxecto de cooperación europea
Desenvolver unha rede de áreas
mariñas protexidas no arco atlántico

MAIA: marine protected areas in the Atlantic arc

Desde as illas Shetland ás Azores, desde o Reino Unido a Portugal, a preservación da biodiversidade mariña sitúase no primeiro plano das preocupacións nacionais, especialmente a través da creación de áreas mariñas protexidas.

Detrás da sigla «AMP» existe unha gran variedade de ferramentas, enfoques e propósitos que é importante coñecer mellor.

O obxectivo dos socios de MAIA é valorizar e compartir esta riqueza e estas diferenzas para mellorar a comprensión e, con iso, fomentar o desenvolvemento dunha rede de áreas mariñas protexidas que sexa coherente, eficaz e aceptada na costa atlántica.

A dinámica de creación de áreas mariñas protexidas estase a acelerar nos últimos anos coa posta en marcha de estratexias nacionais que cumpren cos compromisos contraídos en virtude de convenios internacionais.

Para acompañar este proceso, o proxecto de cooperación europea MAIA:

- Estrutura e promove o intercambio de experiencias, o intercambio de enfoques;
- Traballa para desenvolver metodoloxías comúns;
- Participa na creación dunha rede humana de administradores de áreas mariñas protexidas.

«¿Que é unha área mariña protexida?»

A UICN –Unión Internacional para a Conservación da Natureza– define unha área mariña protexida como «unha área xeográfica claramente definida, recoñecida, dedicada e administrada por calquera medio eficaz, legal ou doutra índole para asegurar a conservación da natureza a longo prazo, así como os servizos dos ecosistemas e os valores culturais asociados a ela».

Este obxectivo asóciase ás veces cun obxectivo local de desenvolvemento socioeconómico ou artículase cunha xestión sustentable dos recursos. A dirección pode ser confiada a diversos tipos de organismos (locais, nacionais) con estatutos e gobernanzas que poden ser diversos.

Unha área mariña protexida caracterízase tamén pola aplicación de medidas de xestión para o beneficio da protección: carta de boa conduta, normativas, supervisión, seguimento científico, mediación, información do público, etc.



Parablennius gattorugine

O desenvolvemento de redes de áreas mariñas protexidas: un desafío internacional

O concepto de área mariña protexida apareceu por primeira vez no marco da Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar (1982). Especificadas polo Convenio sobre a diversidade biolóxica en 2000 e polo Cumio Mundial sobre o Desenvolvemento Sustentable en Johannesburgo en 2002, o concepto de áreas mariñas protexidas está agora omnipresente no debate sobre a protección do medio mariño a nivel internacional, pero tamén europeo coa estratexia mariña europea, a política pesqueira común ou as directrices «Hábitats» e «Aves».



Laminaria digitata

O proxecto MAIA: aplicación nas áreas mariñas protexidas en Galicia

En Galicia existen actualmente tres áreas mariñas con figuras de protección específicas, que responden a dous tipos de enfoque, propósitos e ferramentas de xestión moi diferentes:

- O Parque Nacional “Illas Atlánticas”, creado en 2002 e dependente da Consellería do Medio Rural.
- As reservas mariñas de interese pesqueiro (RMIP) de “Os Miñarzos”, creada en 2007, e “Ría de Cedeira”, creada en 2009, dependentes da Consellería do Mar.

A experiencia na creación e xestión destas áreas será compartida cos outros socios e analizada e estudada nos talleres de traballo do proxecto. A principal achega galega ao proxecto son os coñecementos adquiridos sobre os modelos de explotación sustentable das pesqueiras e dos ecosistemas mariños, tentando harmonizar os intereses dos diversos usuarios, e sobre a participación dos interesados na creación das reservas mariñas de interese pesqueiro de “Os Miñarzos” e “Ría de Cedeira” realizada por iniciativa de organizacións de profesionais da pesca artesanal, as cales implicaron os administradores e científicos na súa designación e xestión.



O proxecto estrutúrase en seis talleres de traballo (catro operativos e dous procedementais) que se desenvolverán no transcurso dos tres anos de duración deste (de 2010 a 2012).

WP1: Estado actual da situación das AMP no Espazo Atlántico: para unha comprensión común entre os socios. Liderado por AGLIA (Francia).

WP2: Desenvolver estratexias comúns de seguimento nas AMP. Liderado polo IPIMAR (Portugal).

WP3: Medidas e plan de xestión das AMP: definición e/ou posta en aplicación. Liderado pola Xunta de Galicia (España).

WP4: Asegurar a participación dos usuarios para a selección de novas zonas mariñas protexidas. Liderado pola JNCC (Reino Unido).

WP5 e WP6: Divulgación e comunicación interna e externa; coordinación xeral e a xestión administrativa e financeira do proxecto. Liderados pola Agence des aires marines protégées (Francia).



A maioría dos socios do proxecto MAIA participan en todos os talleres de traballo e comparten os medios para alcanzar bos resultados en resposta a estes retos comúns.

Como resultado do seu desenvolvemento, espérase lograr:

Unha mellor comprensión común dos socios sobre a problemática das áreas mariñas protexidas na fachada atlántica.

Realizarase un repaso do marco normativo (variable segundo os países) das zonas xeográficas interesadas polas áreas mariñas protexidas existentes, das partes implicadas (usuarios, científicos, autoridades administrativas...), así como unha información completa de todos os proxectos en curso sobre as áreas mariñas protexidas a escala europea.


Reforzar os coñecementos das partes interesadas para a elaboración de plans de xestión das zonas mariñas protexidas.

Destas experiencias, espérase a produción de guías metodolóxicas para apoiar a realización destes plans de xestión e o seguimento dalgúns indicadores interesantes especialmente para o mundo da pesca.

A identificación das novas zonas mariñas protexidas.

Elaboraranse bases de datos comúns con datos científicos sobre a biodiversidade e as diferentes categorías de usos existentes na zona costeira e a ZEE dos países implicados. Estes datos forneceran aos socios do proxecto e cotexaranse con datos comunicados polos usuarios das áreas. Con este fin, proporase e aplicarase unha metodoloxía compartida de participación dos actores no proceso de estudo e de recompilación de coñecementos. Con este traballo obterase unha lista de propostas argumentadas e negociadas cos profesionais da pesca para a designación de novas zonas mariñas protexidas en franxa litoral e en mar aberto.

A creación dunha rede de xestores de áreas mariñas protexidas altamente conectada ás autoridades rexionais, nacionais e internacionais.



A participación galega no proxecto MAIA dará a coñecer as nosas AMP, tanto no ámbito científico como no das entidades implicadas na protección e conservación mariña, permitirá optimizar os procesos de xestión e participar nunha rede europea de xestores, realizar intercambios de xestores e usuarios das AMP con outros países europeos e apoiar a presenza dos pescadores na toma de decisións na declaración e xestión das AMP.

MAIA: un proxecto europeo

MAIA está financiado polo programa Interreg IV B Espazo Atlántico no contexto da prioridade 2 «protexer, asegurar e promover estratexias de conservación sustentable para o medio ambiente mariño e costeiro».

Orixinarios de catro países europeos, Reino Unido, Francia, España e Portugal, os nove socios do proxecto están implicados na designación e a xestión de áreas mariñas protexidas.

Obxectivo: compartir as nosas experiencias

O obxectivo do MAIA, en última instancia, é establecer unha rede de administradores de áreas mariñas protexidas (AMP), con forza para realizar propostas a nivel internacional en termos de designación, de gobernanza e de xestión, e implicada no desenvolvemento dunha rede de áreas mariñas protexidas que sexa representativa, coherente, eficaz e aceptada no arco atlántico.

O Plan de Acción 2010-2012

Talleres técnicos sobre as problemáticas de xestión comúns ás áreas mariñas protexidas no arco atlántico:

- o establecemento de indicadores nas AMP, as estratexias de vixilancia;
- a definición e implementación de plans de xestión;
- a integración dos actores no proceso de designación dunha AMP.

Estes talleres reúnen moitos actores implicados na designación e xestión de áreas mariñas protexidas: administradores, científicos e usuarios do mar, incluídos os profesionais da pesca.

As visitas a áreas de interese en cada país socio teñen como obxectivo o intercambio de información, de coñecementos e de experiencias entre os países e os administradores de áreas mariñas protexidas.

Un portal web que inclúe:


- un espazo de colaboración de acceso reservado;
- unha base de datos documental;
- unha base de datos SIX que alimenta o xeportal e as páxinas editoriais dinámicas.

Esta base de datos axudará a establecer un punto de referencia do estado das áreas mariñas protexidas ao longo da costa atlántica e a facer a súa avaliación periódica.

A creación e difusión de recursos de información: os estudos de terreo, análises transversais, guías metodolóxicas, actas dos talleres e documentos temáticos sobre as AMP.



Corynactis viridis



Homarus gammarus



Hippocampus guttulatus

OSPAR: unha convención para a protección do medio mariño do Atlántico Nordeste

Quince gobernos das costas, das illas occidentais de Europa e da Comunidade Europea son signatarios da Convención OSPAR para protexer e preservar o Atlántico Nordeste e os seus recursos. En 1998, a necesidade de establecer unha rede de áreas mariñas protexidas formalizouse na recomendación 2003/3.



MAIA

Marine protected areas in the Atlantic arc

Os socios do proxecto MAIA

Reino Unido

JNCC: Joint Nature Conservation Committee

Natural England

South West Food and Drink – Finding Sanctuary

Francia

Agence des aires marines protégées (xefe de fila)

AGLIA: Association du Grand Littoral Atlantique

CNPMEM: Comité National des Pêches et des Elevages Marins

España

Xunta de Galicia – Consellería do Mar

Universidade da Coruña – Recursos Mariños e Pesqueiras

Portugal

Instituto Nacional de Recursos Biológicos I.P. (INRB I.P./IPIMAR)

Instituto da Conservação da Natureza e da Biodiversidade (ICNB)

www.maia-network.org



ATLANTIC AREA Transnational Programme
ESPACIO ATLÁNTICO Programa Transnacional
ESPACE ATLANTIQUE Programme Transnational
ESPAÇO ATLÁNTICO Programa Transnacional



European Union
European Regional
Development Fund

INVESTING IN OUR COMMON FUTURE



Marine protected areas
in the Atlantic arc

